

ISTO É MOI Estraño...

Texto de MATILDE TACCHINI

Ilustracións de MERCÈ GALÍ

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 14 €

[Isto é moi estraño...](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-358-5. Álbum ilustrado. Demademora.

[Esto es muy extraño...](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-359-2 Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[Això és molt estrany...](#) (català)

ISBN 978-84-10387-05-8. Àlbum il·lustrat. Obres d'autor.

[Questo è molto strano...](#) (italiano)

ISBN 978-84-1343-360-8. Albo illustrato. Gli albi di autore.

Mamá sempre di que eu son o seu pequeno coala.

Papá non opina o mesmo, cre que eu son o seu ratiño.

E, cando durmo, non sei por que, os dous pensan que son un leirón.

Pero a cousa non acaba aquí...

Un divertido xogo de palabras e imaxes en torno ás múltiples comparacións entre as cualidades dos animais e dos nenos.

Coala, ratiño, leirón, pitiño, porquiño, mono... Un neno comparte a súa sorpresa ante as consideracións tan diversas que teñen del os membros da súa familia e da contorna próxima nas diferentes situacións que acontecen ao longo do día: apelativos e símiles referidos a animais que, polos seus hábitos ou habilidades, se asocian ao comportamento humano dende un punto de vista agarimoso ou en ton humorístico, de aí o emprego de diminutivos. Xorde así a necesidade de autoafirmación por parte do protagonista; unha reivindicación da propia identidade coa que pretende poñer fin á disparidade de opinións, que non contan co seu beneplácito.

«Isto é moi estraño...» achéganos ao carácter espontáneo das nenas e dos nenos, ao xeito no que fan valer a súa personalidade fronte aos demais. O texto de Matilde Tacchini, cheo de frescura e dobres sentidos, pon o foco no punto de vista dos rapaces e das rapazas ante o costume, sobre todo dos adultos, de etiquetalos ou infantilizalos en exceso. Un cómico e irónico final dá conta da incompreensión que pode separar as percepcións de ambos.

As divertidas ilustracións de Mercè Galí, que destacan pola economía de recursos, completan o sentido metafórico do testemuño en primeira persoa que protagoniza este simpático relato. Os animais -humanizados coa simple representación duns lentes- son figuras expresivas, bosquexadas con trazos rápidos e grosos sobre fondos neutros, sen apenas elementos adicionais e acompañadas de pequenos escenarios paralelos que acentúan o sentido do humor do relato.



■ **Temática:** xogo de comparacións entre nenos e animais.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** infancia, emocións, afectos, identidade, personalidade, autoafirmación; familia; xogos de palabras, comparacións, metáforas; animais; da ilustradora de «[Petits poemes de casa](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/isto_e_moi_extranho_g

Matilde Tacchini

Directora de arte, ilustradora e autora de literatura infantil. Estudou Dirección de Arte na Nuova Accademia di Belle Arti, en Milán. Traballou durante 15 anos no eido da publicidade ata que fundou o seu propio estudio en Piacenza onde, ademais de dedicarse ao deseño gráfico, tamén crea libros para nenas e nenos, a súa verdadeira vocación.

https://www.instagram.com/matilde_tacchini/

Mercè Galí

Ilustradora. Estudou na Escola Superior de Deseño e Arte Llotja e especializouse en gravado na Facultade de Belas Artes da Universidade de Barcelona. Compaxina o seu traballo como ilustradora coa faceta docente impartindo cursos e obradoiros para adultos, e colabora con publicacións como a revista Cavall Fort. Foi finalista na Mostra de Ilustradores da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña 2022, finalista do Silent Book Contest e recibiu o Premio Junceda 2022 ao mellor álbum ilustrado. Tamén participou na Bienal de Ilustración de Bratislava en 2013 e 2023, ademais de ser seleccionada no catálogo The White Ravens 2022 e recoñecida no certame International Latino Book Awards. Ten publicado máis de 50 libros e expón os seus proxectos creativos centrados no libro de artista.

<https://mercegalí.com/>

